



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (34/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e vinte e cinco minutos do día un de outubro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas e quince minutos.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 24 de setembro de 2025
- 2.- Adxudicación de contratos menores
- 3.- Concesión de licencia de obras
- 4.- Xustificación de subvención nominativa

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 24 de setembro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

2.1 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas -



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2025/G006/000081

Asunto: Adxudicación Contrato Menor.- ACTIVIDADES DE RELAXAMENTO EN AUGAS TERMAIS

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2025/C002/000021
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	ACTIVIDADE FÍSICA E RELAXAMENTO EN AUGAS TERMAIS
Orzamento base licitación:	9.000,00€
Aplicación orzamentaria:	231 22611
Prazo execución	2025-2026 (nas datas indicadas na memoria que consta no expediente)
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, artigo 25.2 (apartado I) Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
Financiamento:	Municipal (fondos propios) e subvención Deputación provincial
OFERTAS (Solicitadas/Recibidas)	
ATTICA 21 HOTELES, SLU	8.400,00€
MADRID AIRPORT HOTELES	Non presenta oferta dentro do prazo concedido

Logo de ver a oferta recibida e o documento de retención de crédito na aplicación orzamentaria indicada, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de atender o asunto de forma inmediata, propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
- 2.- Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- Adxudicar ao contratista ATTICA 21 HOTELES, SLU, o servizo que se especifica na táboa anterior (600 servizos balneario), polo importe de 8.400,00€, a razón de 14,00€ cada un, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte na dita táboa para o ano 2025 e adquirir o compromiso de gasto futuro para o 2026 na mesma aplicación, quedando condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado no 2026.

4.- Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

5.- Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

2.2 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas -

2025/G006/000079

Asunto: Adxudicación Contrato Menor. ACTIVIDADE DE INFORMÁTICA- ROBÓTICA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2025/c002/0000023	
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno Local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	Actividade municipal informática -Robótica 2025-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Código CPV:	92000000-0 Servizos de esparcemento, culturais e deportivos
Orzamento base licitación:	5.566,7 euros
Aplicación orzamentaria:	491.22799
Prazo execución:	Nas datas sinalada na memoria que consta no expediente.
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
Financiamento:	Municipal (fondos propios)
OFERTAS (Solicitadas / Recibidas)	
CAD INFORMÁTICA SL	Total: 5440,00€
CENTRO INFORMÁTICO FEROL	Non presentan oferta dentro do prazo concedido
EASY SISTEM INFORMÁTICA SL	

Logo de ver a oferta recibida e o documento de retención de crédito na aplicación orzamentaria indicada, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de atender o asunto de forma inmediata, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
- 2.- Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- Adxudicar ao contratista indicado o servizo que se especifica, polo importe que se indica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.

4.- Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

5. - Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

2.3 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas -

núm. 2025/G006/000078

Asunto: Contrato Menor. SERVIZO DE TRANSPORTE AUGAS TERMAIS

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2025/C002/0000020	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	DESPRAZAMENTOS ACTIVIDADE RELAXAMENTO EN AUGAS TERMAIS segundo memoria que consta no expediente
Código CPV:	60172000-4- Alugueiro de autobuses e autocares con condutor.
Orzamento licitación:	4.400,00€
Aplicación orzamentaria:	231.22611
Prazo execución	Outubro 2025 a maio 2026 (nas datas que consta na memoria)
Necesidade e xustificación do	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<i>contrato:</i> <i>(art. 118.2 da Lei 9/2017)</i>	materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):</i>	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre conforme se estipula no artigo 25 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local. Na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia no artigo 8 outórgalle aos concellos a competencia de fomentar, promover e difundir o deporte.	
<i>Financiamento:</i>	Municipal (fondos propios)	
OFERTAS (Solicitadas/Recibidas)		
ARRIVA GALICIA, SL	Importe: 3840,00	Total: 4224,00
EMPRESA GILSANZ. SA.	Non presentan oferta dentro do prazo concedido	
AUTOCARES CAPELA, SL		

Logo de ver a oferta recibida e o documento de retención de crédito incorporado ao expediente electrónico e demais documentación, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao contratista, Autos Carballo, SLU (Arriva), o servizo que se especifica, segundo a memoria técnica, polo importe que se indica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

2.4 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas -2025/G006/000080

Asunto: Adxudicación Contrato Menor

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2025/C002/000026
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO OBRAS POS+2025 y Agader 2025 (segundo informe de necesidade que consta no expediente)
Código CPV:	71600000-4 Servizos de ensaio, análises e consultoría técnicos
Orzamento licitación	4.680,71€
Prazo execución/entrega:	4 meses
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	"Infraestrutura viaria...", art. 25.2.d) da Lei 7/1985
Financiamento:	Municipal (fondos propios)

Logo de ver a ofertas recibidas que se indican no seguinte cadro e o documento de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

retención de crédito na aplicación orzamentaria indicada, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de atender o asunto de forma inmediata por mor de efectuar os correspondentes controis externos das obras financiadas polas subvencións da Deputación provincial (POS+2025) e pola Xunta de Galicia-Agader (Plan camiña rural).

OFERTAS (Solicitadas / Recibidas)				
DENOMINACIÓN DA OBRA	PREZO MÁXIMO /1% do orzamento de execución material	3C	CYE	EPTISA
Proxecto de mellora da pavimentación nas parroquias de Queixeiro, Vilachá, Val Xestoso, Alto Xestoso San Félix	3.165,65	2309,00	2867,70	2989,00
Acondicionamento cuberta do patio do CPI Virxe da Cela, reposición de peches perimetrais e pintado	668,28	590,00	629,20	610,00
Mellora camiños rurais nas parroquias de Val Xestoso e Vilachá	846,78	842,00	815,54	824,00
IMPORTE:	4.680,71	3741,00	4312,44	4423,00
TOTAL (Ive incluído)		4526,61	5218,05	5351,83

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

indicado na parte expositiva do presente acordo.

2.- Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.

3.- Adxudicar ao contratista, 3C CALIDAD Y CONTROL, Sociedad coop. Galega, o servizo que se especifica, polo importe que se indica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.

4.- Notificar este acordo ao adxudicatario e resto de licitadores, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

5. - Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

3.- CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido e do resto da documentación que consta nel:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000008, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000008

Datos do interesado/a: IRIS RÍO LÓPEZ con DNI 33.553.604-P en representación de CENTRO DE DÍA XESTAL, S.L con CIF B70581293

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Número e data de entrada no Rexistro Municipal: de rexistro de entrada número 202499900000375 de data 27/08/2024

Lugar de realización: Lugar de Xestal 10, San Fiz Concello de Monfero

Referencia catastral urbana: inmovible 002302300NH79F0001OU.

Descrición técnica do Proxecto: Segundo proxecto básico e de execución de Acondicionamento de local existente para a ampliación de Centro de Día segundo Proxecto básico e de execución redactado e visado polo **Autor do proxecto:** D. José López Rodríguez, Arquitecto, colexiado número 4347 do COAG.

Orzamento de execución material: 44.520,60 €.

Tendo en conta os **antecedentes urbanísticos** que son os seguintes:

Lugar de realización: Xestal 10, San Fiz. Monfero. (A Coruña).

Referencias catastral urbana: 002302300NH79F0001OU

A interesada, en representación do Centro de Día Xestal S.L., conta con licenza urbanística outorgada en Xunta de Goberno Local do Concello de Monfero en Sesión de 25/09/2019 para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE LOCAL: CENTRO DE DÍA

Así mesmo conta on título habilitante para inicio de actividade de Centro de día (expediente TEdC 2020/U019/000011), outorgado por este Concello de Monfero en data 23/11/2020.

Considerando que:

1.- A obra obxecto da solicitude de licencia, consiste no acondicionamento dun espazo na planta baixa da edificación para dotar a instalación con máis cuartos de baño e poder, deste xeito, acoller máis clientes. Así mesmo, pretende recolocar algunhas das estancias co fin de mellorar a funcionalidade do centro.

O programa de necesidades manifestado pola promotora require do acondicionamento interior e exterior deste local para a ampliación da actividade de centro de día, creando unha zona de aseo con tres baños accesibles dotados de lavabo, inodoro e ducha, así como unha zona de lavamáns que resultará de gran utilidade durante as comidas para facilitar a hixiene dos usuarios sen necesidade de ocupar os cuartos de baño.

2.- As obras están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual da parcela sobre a que se asenta, ou se vai asentar, a construción ou instalación é a de solo rústico de protección ordinaria ao carecer o Concello de planeamento municipal, e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de: Solo de Núcleo Rural Común de O Xestal.

5.- As obras cuxa execución se pretende, cumpren, en todos os seus extremos, coa ordenación urbanística de aplicación, a contida na Lei 2/2016, e así mesmo cumpren coas determinación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

marzo do 2016 e non están afectadas pola suspensión de licencias nin incluídas no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar.

6.- O uso e as actuacións previstas para as que se solicita licenza están amparadas polo artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia

7.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

8.- Examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, non se describen afeccións de carácter supramunicipal para a zona onde se pretenden implantar as ampliacións.

9.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

10.- Constan no expediente informe do técnico contratado para o efecto, de data 26/09/2025 e informe xurídico de data 30/09/2025. Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñoille á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A D.^a Iris Río López, en representación de Centro de Día Xestal S.L., para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EXISTENTE PARA AMPLIACIÓN DE CENTRO DE DIA, no lugar de Xestal 10, parroquia de San Fiz deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por D. José López Rodríguez, Arquitecto, colexiado número 4347 do COAG, cun orzamento de execución material: 44.520,60 €.

2.- Condicionar a concesión da citada licenza urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- 2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa.
- 3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido nos apartados a – b – e, do art. 39 la Lei 2/2016 que se indican a continuación:
a/Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
b/Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
e/Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.
- 4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.
- 5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
- 6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.
- 7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- 8) De acordo co punto 2 do artigo 24 da Lei 9/2013 de 19 de decembro do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia: “se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarse coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, de proceder. Polo tanto, logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo”. Polo tanto, unha vez rematadas as obras o promotor deberá presentar o correspondente certificado final de obra e a comunicación previa da actividade.
- 9) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.
- 10) As obras deberán respectar as condicións sinaladas na AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL da XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE. Nº Expediente: BS103K 2024/000069
- 11) Ao abeiro do Artigo 364 do Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, trátase de obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade polo que logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio ou modificación da actividade ou a apertura do establecemento sen máis

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

<u>BASE IMPOÑIBLE</u>	<u>TIPO GRAVAME</u>	<u>COTA</u>
44.520,60 €	2,3%	1.023,97 €

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado orzamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE QUEIXEIRO	FJVD	Festas de Xan Xorxe	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e vinte e nove minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario